CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS FORMATIVAS E DE DIFUSIÓN EN MATERIA DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, **Andrés Lago Louro, presidente do Consello Consultivo de Galicia** (en diante, CCG), nomeado polo Decreto 183/2024, do 3 de outubro, polo que se nomea presidente do Consello Consultivo de Galicia a Andrés Lago Louro (DOG núm. 193, do 7 de outubro de 2024), actuando en nome e representación do CCG, en virtude das facultades que lle confire o artigo 18 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e o artigo 13 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia.

E doutra, **Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias** (en diante FEGAMP), nomeado para o devandito cargo na XI Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, e actuando en nome e representación da mesma en virtude das competencias contidas no artigo 46.1.b) dos Estatutos da FEGAMP, aprobados en asemblea ordinaria do 4 de decembro de 2003.

Interveñen en razón dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas e que lles atinxen, e conveñen en nome das entidades que representan o que segue.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro e regulado pola a Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: wxC5QJrzLbG5 https://sede.xunta.gal/cve

públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía desta, goza de autonomía orgánica e funcional, sen que os seus membros estean ligados por ningún mandato imperativo.

Segundo.- Que a FEGAMP é a única entidade asociativa de todas as entidades locais de ámbito autonómico e, de conformidade co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está recoñecida polas entidades locais galegas como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria e terá as facultades derivadas da súa representatividade, constituíndo un marco adecuado para realizar a difusión, coordinación e execución de determinadas programacións nos concellos e provincias ás que representa.

No desenvolvemento das súas funcións, a FEGAMP impulsa programas e actividades de formación, información e asesoramento dirixidos ao persoal ao servizo das entidades locais e aos cargos electos municipais, co obxectivo de favorecer a actualización dos seus coñecementos e facilitar a aplicación da normativa que afecta ao ámbito local. Entre estas actuacións ten especial relevancia a promoción da transparencia, o acceso á información pública e o bo goberno como elementos esenciais para unha administración local máis aberta, eficiente e próxima á cidadanía.

Terceiro.- Que a transparencia, o acceso á información pública e o bo goberno constitúen principios esenciais da actuación das administracións públicas e teñen unha especial relevancia no ámbito da Administración local, pola súa proximidade á cidadanía e polo papel que desempeñan os concellos na prestación de servizos públicos.

O cumprimento das obrigas establecidas pola normativa en materia de transparencia contribúe a reforzar a confianza da cidadanía nas institucións públicas, favorece unha maior participación cidadá, mellora a calidade da xestión administrativa e permite avanzar cara a modelos de administración máis abertos, responsables e eficientes. Neste contexto, a formación e actualización de coñecementos resulta fundamental para garantir unha aplicación adecuada da normativa vixente.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: wxC5QJrzLbG5 https://sede.xunta.gal/cve

Cuarto.- Que, tras a modificación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, operada pola Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, desde o 1 de maio de 2026 a Comisión da Transparencia de Galicia, órgano colexiado independente, está adscrito ao o Consello Consultivo de Galicia, correspondéndolle á súa Presidencia ao Presidente do Consello Consultivo de Galicia, que tamén exerce as funcións de Comisionado da Transparencia. Esta nova atribución reforza o papel institucional do Consello Consultivo de Galicia como garante do dereito de acceso á información pública, da transparencia e do bo goberno no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Que ambas partes consideran de mutuo interese, para o cumprimento das súas respectivas funcións, establecer fórmulas de colaboración no ámbito da transparencia, do acceso á información pública e do bo goberno. Para tal fin, comprométense a impulsar actividades de formación, asesoramento e difusión de boas prácticas dirixidas ás entidades locais galegas, co obxectivo de facilitar o cumprimento das obrigas de transparencia e garantir o efectivo exercicio do dereito de acceso á información pública.

Sexto.- Que os intereses comúns das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou de outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional. Así mesmo, a elección da FEGAMP como parte asinante responde á súa natureza representativa das entidades locais galegas, ao ser a única entidade que agrupa e representa ao conxunto das entidades locais galegas, constituíndo o marco idóneo para canalizar unha colaboración baseada na cooperación institucional e na defensa dos intereses comúns do ámbito local.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: wxC5QJrzLbG5 https://sede.xunta.gal/cve

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións xerais de colaboración entre o Consello Consultivo de Galicia e a FEGAMP para a organización e desenvolvemento de actuacións formativas e de difusión en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, destinadas ao persoal das entidades locais galegas, co fin de proporcionarlles ferramentas prácticas que faciliten a tramitación dos expedientes nestas materias, mediante o coñecemento da normativa aplicable e a difusión de criterios e boas prácticas comúns.

As actuacións concretas que se desenvolvan ao abeiro deste convenio marco poderán ser obxecto dos correspondentes instrumentos de desenvolvemento, nos que se concretarán as condicións específicas de cada actuación, incluíndo, se procede, os compromisos económicos e organizativos das partes.

Segunda.- Ámbitos de colaboración

No marco do presente convenio, as partes poderán colaborar no deseño, organización e desenvolvemento de actuacións formativas, divulgativas e de sensibilización en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dirixidas ás entidades locais galegas representadas pola FEGAMP.

Entre outras actuacións, a colaboración poderá concretarse nas seguintes:

a) A organización e desenvolvemento de xornadas, cursos, seminarios, sesións informativas e demais actividades formativas dirixidas ao persoal ao servizo das entidades locais que desenvolve funcións na materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

b) O desenvolvemento de actividades de divulgación e sensibilización orientadas ao fomento dunha cultura de transparencia e bo goberno no ámbito das administracións locais galegas.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código. CVE: wxC5QJrzLbG5 https://sede.xunta.gal/cve

c) O intercambio de coñecementos, experiencias e boas prácticas entre ambas entidades co obxectivo de favorecer a mellora da xestión e o fortalecemento dos principios da transparencia.

d) O impulso de canles de comunicación e colaboración que permitan identificar necesidades formativas das entidades locais e promover actuacións adaptadas ás súas demandas.

e) Calquera outra actuación que ambas as partes consideren de interese común para a consecución dos obxectivos do presente convenio e que sexa acordada no marco da Comisión de seguimento ou mediante os correspondentes instrumentos de desenvolvemento.

Terceira.- Financiamento

A realización das distintas actividades e actuacións de colaboración que se leven a cabo ao abeiro deste convenio poderá ser obxecto da correspondente previsión económica nos instrumentos xurídicos ou orzamentarios que, de ser o caso, resulten procedentes, nos que se concretarán as achegas, compromisos económicos e demais condicións aplicables.

En ningún caso a sinatura do presente convenio suporá por si mesma a adquisición de compromisos económicos para as partes nin dará lugar a obrigas de gasto que non estean previamente amparadas pola correspondente cobertura orzamentaria e polos procedementos legalmente establecidos.

Cuarta.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de garantir o cumprimento do convenio, así como a adecuada planificación, coordinación e seguimento das actuacións previstas, constituirase unha comisión paritaria integrada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes.

A Comisión de seguimento terá as seguintes funcións:

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: wxC5QJrzLbG5 https://sede.xunta.gal/cve

a) Acordar a planificación das actuacións que se desenvolverán ao abeiro do presente convenio, determinando as actividades formativas, xornadas, seminarios ou demais iniciativas que se consideren de interese para a consecución dos seus obxectivos.

b) Establecer os contidos das actuacións que se leven a cabo, así como os criterios para a súa organización e desenvolvemento.

c) Realizar o seguimento e avaliación das actividades executadas, propoñendo, se procede, novas liñas de colaboración.

d) Resolver as cuestións que poidan xurdir na interpretación, aplicación e execución do convenio.

e) Calquera outra función que lle sexa atribuída polas partes no marco do presente convenio.

A comisión reunirase cando así o considere necesario calquera das partes.

Quinta.- Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A súa finalidade é establecer un marco estable de colaboración entre o Consello Consultivo de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento de actuacións de interese común no ámbito da formación, difusión e promoción da transparencia, do acceso á información pública e do bo goberno.

A subscrición deste convenio non supón a cesión da titularidade das competencias propias das entidades asinantes nin altera as responsabilidades que corresponden a cada unha delas no exercicio das súas funcións.

O presente convenio non xerará, en ningún caso, relación laboral entre as partes asinantes e o persoal que participe na súa execución.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: wxC5QJrzLbG5 https://sede.xunta.gal/cve

Sexta.- Publicidade e transparencia

As partes comprométense a cumprir as obrigas de publicidade e transparencia derivadas da normativa aplicable e, en particular, o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, no que resulte de aplicación.

Así mesmo, procederase á difusión das actuacións desenvolvidas no marco do presente convenio a través dos medios de comunicación e páxinas web institucionais das entidades asinantes, respectando en todo caso a normativa aplicable en materia de protección de datos persoais.

Sétima.- Protección de datos persoais

As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto da lexislación española aplicable nesta materia e demais normativa concordante.

Oitava.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, sen prexuízo da posibilidade de acordar a súa prórroga conforme ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Durante o seu período de vixencia, poderá ser modificado por acordo expreso e unánime das partes asinantes cando concorran circunstancias que así o aconsellen ou resulte necesario adaptar o seu contido para o mellor cumprimento do seu obxecto e finalidade.

As modificacións formalizaranse mediante a correspondente addenda ou documento de modificación, que deberá ser subscrito polas partes e incorporarse ao presente convenio como parte integrante deste.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: wxC5QJrzLbG5 https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: VARELA PAZ, ALBERTO
Cargo: Presidente (Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP))
Data e hora: 30/10/2026 12:13:10

Novena.- Resolución do convenio

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das causas de resolución previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, coa tramitación e os efectos establecidos no dito artigo e no artigo 52 da mesma lei.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data indicada no encabezamento.

Andrés Lago Louro

Alberto Varela Paz

Asinado por: LAGO LOURO, ANDRES
Cargo: Presidente
Data e hora: 30/10/2026 11:25:44

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: wxC5QJrzLbG5 https://sede.xunta.gal/cove